



Concello de Lourenz

ACTA

Expediente nm.:	rgano colexiado:
PLN/2019/3	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de setembro de 2019
Duracin	Desde as 20:35 ata as 20:55 horas
Lugar	Saln de Sesins
Presidida por	Roco Lpez Garca
Secretario	Carmen Lpez Gonzlez

ASISTENCIA  SESIN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAA	S
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	Francisco Javier Rodrguez Barrera	NON
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
71865319W	Manuel Arango Ron	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
76580879X	Roco Lpez Garca	S

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	Sí
Escusas de asistencia presentadas: 1. Francisco Javier Rodríguez Barrera: «CONSULTA MÉDICA»		


Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 11/07/2019..	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data once de xullo do dous mil dezanove (11/07/19) , sesión organizativa tras as eleccións de 26/05/2019, distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.	

Expediente 355/2019. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2018.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2018 cos seus correspondentes xustificantes. Vistos os informes favorables de Secretaría - Intervención de data, 08/05/2019, así como o ditame tamén favorable da Comisión Especial de Contas de 03/06/2019 e o resultado da súa exposición ó publico mediante anuncio no Taboleiro	

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

de Anuncios e no BOP. Nm. 130 de data 08/06/18 durante quince das, dende o 09/06/19 ata o da 28/06/19, e oito mas, ata o da 10/07/19, sen que durante dito perodo se presentasen reclamacins  mesma, previa deliberacin  efecto, o Pleno da Corporacin, en votacin ordinaria, por unanimidade, ACORDA

Primeiro.- APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2018, nos termos e cifras nos que est redactada e que arroxa o seguinte resume:

Existencias Iniciais	734.997,39
Total Cobros	2.655.419,49
Total Pagos	2.345.756,56
Existencias Finais	1.044.660,32
Total Activo	12.065.295,91
Total Patrimonio Neto y Pasivo	12.065.295,91
Debedores pendentes cobro  final exercicio	530.512,40
Crditos pendentes pago  final exercicio	67.599,34
Fondos Lquidos Tesourera final exercicio	1.044.660,32
Partidas Pendentes aplicacin	-261.844,00
Remanente de Tesourera Total	1.245.729,38
SalDOS de dubidoso cobro	98.853,74
Exceso de Financin Afectada	7.404,91
Remanente Tesourera para Gastos Xerais	1.139.470,73

Segundo.- Render a Conta Xeral/2018 as aprobada e toda a documentacin que a integra  fiscalizacin do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar  Sra. Alcadesa, Da. Roco Lpez Garca, para a xestin de trmites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execucin do presente acordo.

Expediente 564/2019. ELECCIN REPRESENTANTES CORPORACINS LOCAIS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

Favorable

Tipo de votacin:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

Neste punto da orde do da, veuse o escrito de data 19/07/2019, con rexistro de sada num. 000270012019S000299, de data 19/07/19, achegado pola Xerencia Territorial do Catastro, e rexistrado nas oficinas municipais o da 19/07/19 co num. 2019-E-RC-1527, no que se solicita, de conformidade co disposto no Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e concretamente nos artigos referente a representacion das Corporacions Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, ası como no apartado 3.a do artigo 2 da Orde EHA/2386/2007, que polo concello se designen tres concellos da provincia , excluıdo o de Lugo, por contar con representante propio, para que representen o concello no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria na provincia de Lugo.

A continuacion, o Grupo Municipal do P.Socialista de G-P.S.O.E. propuxo os seus candidatos, sendo os designados os concellos de MONFORTE DE LEMOS, LANCARA E BARREIROS.

Seguidamente pasouse a votacion, e con seis votos a favor, do Partido Socialista de G-P.S.O.E e con catro abstencions dos Concelleiros do Partido Popular e do B.N.G. resultou aprobada a proposta do Grupo Municipal do P. Socialista de G-P.S.O.E, e adoptouse polo tanto o seguinte acordo:

Primeiro: Designar os concellos de MONFORTE DE LEMOS, LANCARA E BARREIOS e outorgarlles o voto para que representen o concello de Lourenz no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria na provincia de Lugo.

Segundo.- Achegar certificacion do presente acordo a Xerencia Territorial do Catastro ası como os concellos afectados para o seu conecemento e efectos oportunos."

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACION DE CONTA DO ACORDO DE APROBACION DA LIQUIDACION DO EXERCICIO 2018 POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26/04/2019(GESTIONA 408/2018).

Neste punto da orde do da deuse conta o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da aprobacion, por acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e seis de abril do dous mil dezanove

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

(26/04/2019), da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio do 2018. De dita Liquidación deuse conta a Oficina Virtual das Entidades Locais o 29/04/2019.

Dita Liquidación ofrece os seguintes resultados e arroxa o resumo que se transcribe a continuación:

MPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 275.745,53 Euros.

MPRE co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 1.166,95 Euros.

MPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 186.447,31 Euros, que supón o 9,83% dos ingresos correntes de carácter ordinario.

Período Medio de Pago, -8,98 ESTÁ DENTRO do establecido.

A)	RESULTADO PRESUPOSTARIO	EUROS
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.184.060,28
2	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	1.919.917,79
3	RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2)	264.142,49
4	DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO	-7.409,91
5	DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO	0,00
6	GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE	0,00
7	RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS	0,00
8	RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7)	256.737,58
B)	REMANENTE DE TESOURERÍA	
1	(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	530.512,40
	De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente	334.550,24
	De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados	195.805,94
	Doutras operacións non Presupostarias	156,22
2	(-) OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO	67.599,34
	De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente	8.005,92
	De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados	0,00
	De Outras Operacións non presupostarias	59.593,42
3	(-) PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN	-261.844,00
	(-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	261.844,00
	(+) Pagos realizados pendentes aplicación definitiva	0,00
4	(+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA	1.044.660,32
I	REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4)	1.245.729,38
II	GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO	7.409,91
III	SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	98.853,74
IV	REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III)	1.139.470,73

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

DACIN CONTA EXECUCIN PRESUPOSTARIA 1 TRIMESTRE 2019 (GESTIONA 493/2019).

Chegado este punto da Orde do da deuse conta do informe emitido sobre a execucin do presuposto correspondente  *PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019*, que foi enviado ao Ministerio de Economa e Facenda o da 24/04/2019, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacins de subministro de informacin previstas na Lei Orgnica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

DACION DE CONTA EXEXUCIN PRESUPOSTARIA 2 TRIMESTRE 2019 (GESTIONA 493/2019).

Chegado este punto da Orde do da deuse conta do informe emitido sobre a execucin do presuposto correspondente  *SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019*, que foi enviado ao Ministerio de Economa e Facenda o da 08/07/2019, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacins de subministro de informacin previstas na Lei Orgnica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

DACIN DE CONTA PMP. 1 TRIMESTRE 2019 (GESTIONA 494/2019).

Neste punto do orde do da e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificacin da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacins comerciais, dase conta do informe do *PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERODO MEDIO PAGO A PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposicin Transitoria nica do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxa de clculo do perodo medio de pago a provedores das Administracins Pblicas e as condicins e o procedemento de retencin de recursos dos rximes de financiamento previstos na Lei Orgnica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no

Concello de Lourenz

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validacin: 669XW43SGN4S6HHZCHSNDZM2 | Correccin: <http://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 6 a 15



Concello de Lourenzá

Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2019, posto que o Período Medio Global foi de 10,97 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 24/04/2019.

DACIÓN DE CONTA 2º TRIMESTRE P.M.P.(GESTIONA 494/2019).

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do *SEGUNDO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2019* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Segundo Trimestre do Exercicio 2019, posto que o Período Medio Global foi de 24,63 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 08/07/2019.

DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 18/07/2019 SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NELA.

A continuación o Concelleiro do B.N.G. Sr. Rocha Pérez di que neste punto non había documentación subida a Gestiona polo que a Sra. Alcadesa di que se vai revisar.

Neste punto, de conformidade coa lexislación vixente, deuse conta da Resolución da Alcaldía de data 18/07/2019, referente a nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da Alcaldía nela, sendo o seu contido literal o que segue:

“D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO.

De conformidade co establecido nos artigos 21.3, 23.1 e 2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigos 43,44,52,53 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e os artigos 61.3 e 65 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e Considerando que a Xunta de Goberno é un órgano necesario no Concello por estar disposto así en acordo plenario de data 11/07/2019 sendo o número de membros que a integran, equivalentes ó tercio

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

do número legal de membros da Corporación.

Corresponde á Alcaldía o libre nomeamento do concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local é conferir delegacións en favor de esta, e polo tanto,

VEÑO EN DISPOÑER:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. Javier Huertas Otero, 1º Tenente de Alcalde.

- D. Manuel Arango Ron, 2º Tenente de Alcalde.

- Dª. Mercedes Dengra Sixto, 3ª Tenente de Alcalde.

SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 12:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía. Realizará a primeira sesión constitutiva o día trinta e un de xullo do dous mil dezanove ás doce horas (31/07/2019), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

3.1.- A asistencia á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

3.2.- As atribución que lle foron delegadas polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o pasado 11/07/2019.

3.3.- As atribución que esta Alcaldía delega e que son as seguintes:

EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral que non este expresamente atribuído ó Pleno.

2.- A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística non atribuídos ó Pleno pola lexislación urbanística e dos Proxectos de Urbanización.

3.- O outorgamento de licencias de edificación, demolición e urbanísticas en xeral que impliquen actos de uso do solo e do subsolo e requiran previa licenzia urbanística, instadas o realizadas por particulares, empresas o entidades públicas.

4.- A toma de razón de declaracións responsables o comunicacións previas de licenzas de obras.

5.- A concesión de licencias de apertura de establecementos de calquera índole.

6.- A emisión de informacións de orden urbanístico.

7.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización autonómica en solo rústico.

8.- A emisión de informe e aprobación dos expedientes suxeitos á normativa de Avaliación Ambiental así como a concesión das correspondentes licencias.

9.- A concesión de licencias de fin de obra e de primeira ocupación das edificacións.

10.- Outorgamento de Licencias sometidas ao Regulamento de Espectáculos Públicos excepto a autorización de bailes, verbenas populares e similares.

11.- Toma de razón de declaración responsable ou comunicación previa de apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.

12.- A resolución de expedientes contra particulares por infraccións urbanísticas ou contra as normas de policía urbana, rural e medio ambiente, sen prexuízo das atribucións de impulsión de trámites e expedientes pola Alcaldía.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros (6.000.000,00), incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Exclúese da citada delegación a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público o 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

Exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos e concesións de toda clase

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova, s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 669XW43SGN4S6HZCHSDZM2 | Corrección: <http://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 15



Concello de Lourenzá

inferiores a 6.000,00 euros.

2.- A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público xa citada, non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da citada Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público .

3.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras municipais cando sexa competente para a súa contratación ou concesión do Alcalde e estean previstos no Presuposto.

3.- A aprobación das formas e procedementos de contratación así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e, en todo caso, de Prescricións Técnicas para as contratacións e concesións nos expedientes ós que se refire ó apartado primeiro desta letra. Igualmente a aprobación dos expedientes de licitación utilizando acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición.

C) EN MATERIA SANCIONADORA:

1.- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción ás Ordenanzas Municipais, excepto que tal facultade este atribuída ó Pleno.

D) EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCEIRA:

D.a) En materia de Gastos:

1.- As autorizacións e disposicións do gasto e recoñecemento das obrigacións derivadas das materias contractuais delegadas na letra B, desta Resolución.

2.- A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados e aprobación dos convenios de colaboración.

3.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas Bases de Execución sempre que non sexan competencia do Pleno e autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas a partir de TRES MIL (3.000,00) euros, IVE incluído, dentro dos límites que competen ó Alcalde, salvo nos casos que se indican a continuación cuxo pago será acordado e ordenado pola Alcaldía, calquera que sexa a súa contía, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Local, a saber:

- Haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase de conformidade cos acordos corporativos incluíndo asistencias , gastos de locomoción e axudas de custo dos cargos electos.

- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social, I.R.P.F. e I.V.E.

- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquidan segundo ás tarifas oficialmente aprobadas.

- Intereses e amortizacións de préstamos así como contratos de transporte a portes debidos.

- As anualidades ou mensualidades correspondentes ós contratos de xestión de servizos públicos, publicacións e anuncios.

D. b) En materia de ingresos:

1.- Recoñecemento de exencións e bonificacións dos tributos locais.

2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licencias e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno.

3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolución de ingresos indebidos, duplicados, etc. Así como a concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.

4. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

D.c) Aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal.

D.e) Aprobación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.

E) EN MATERIA DE BENS:

1.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios de presuposto nin os 3.000.000 euros así como o alleamento do patrimonio que non supere nin a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:

- A de bens inmobles, sempre que estea prevista no presuposto.

- A de ben mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico, cando o alleamento non se atope prevista no Presuposto.

- Autorización para ocupación e uso especial de bens de dominio público.

F) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- A aprobación da Oferta de Emprego Público de acordo co Presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

2.- A aprobación das Bases e convocatoria das probas de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

G) EN OUTRAS MATERIAS:

1.- Solicitar e aceptar subvencións naqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outro

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

órgano municipal, agás cando se exixa pola respectiva convocatoria a solicitude e/ou aceptación por outro órgano municipal. A Alcaldía nos supostos de urxencia ou redución do prazo poderá realizar por ela mesma esta atribución dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento, e efectos.

2.- O outorgamento de subvencións.

3.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras o servizos de competencia da alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

4.- Asistir permanentemente ao alcalde na toma de decisións, analizando, estudando, propoñer ou acordar, segundo proceda, os asuntos competencia da alcaldía que ista teña a ben someter á Xunta de Goberno Local, sometendo á mesma os escritos e comunicacións doutras entidades e doutros organismos que requiran un acto administrativo resolutivo, sen prexuízo de que por razón da súa urxencia a alcaldía poida realizar por ela mesma estas atribucións dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento, e efectos.

4.- A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.

5.- A resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñan detalladas nos apartados anteriores.

6.- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado e das C.C.A.A. asignen ó Municipio e non lleas atribúa a outros órganos municipais.

CUARTO.- A delegación de atribucións referida efectúase reservándose á Alcaldía a posibilidade expresa de avocación de calquera das atribucións por razóns de urxencia, dando conta á Xunta de Goberno Local a efectos de ratificación, sen prexuízo, no seu caso, da publicación que proceda.

QUINTO.- Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións ditadas pola Alcaldía en exercicio das atribucións que non foran delegadas.

SEXTO.- Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa; e remitir a presente Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo así como no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da Resolución pola Alcaldía conforme se indica no artigo 23.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMO.- A presente delegación de atribucións surtirá efecto a partir do día seguinte ao de adopción do preceptivo acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

OITAVO.- Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, en Lourenzá a dezaioito de xullo do 2019.

DACIÓ N CONTA ACORDO XGL 31/07/19 FIXANDO FESTAS LOCAIS 2020(GESTIONA 562/2019).

Neste punto deuse conta do contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 31/07/2019 referente ó Calendario Laboral 2020, sendo o seu contido literal o que segue:

"EXPEDIENTE 562/2019.CALENDARIO LABORAL 2020: FESTAS LOCAIS.

Pola Alcaldía informouse que tal e como se solicitaba no escrito código núm. CL20-27 de 18/07/19, Asunto: Calendario Laboral para o ano 2020", que foi rexistrado nas oficinas municipais o día 19/07/19, co núm.1525, achegado pola Delegación Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, referente á elaboración do Calendario Laboral para o ano 2020 na Comunidade Autónoma de Galicia, facíase necesario fixar os dous días de festas locais antes do 1 de Novembro do

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

ano en curso, e tendo en conta que os días festivos eran sempre os mesmos, propuxo a Xunta de Goberno Local fixar as mesmas datas que nos anos anteriores, é dicir, Martes de Entroido e Luns do Conde Santo, para que despois fora ratificado polo Pleno.

A continuación pasouse á votación e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

Primeiro.- Fixar como Festas Locais para o próximo ANO 2020, no término municipal de Lourenzá, as seguintes datas:

-25 DE FEBREIRO 2020..... MARTES DO ENTROIO.

-31 DE AGOSTO 2020..... LUNS DO CONDE SANTO.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordó á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, para o seu coñemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordó na primeira sesión celebre o Pleno do Concello."

DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NUM.280 DE DATA 24/04/2019 ATA O NUM. 975 DE DATA 06/09/2019 (EXCEPTO NÚMEROS 444/453/502/575/585/604/606/607/778/801/830 POR TER SIDO ANULADAS).

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 0280/19 de data 24/04/2019 ata a número 0975/2019 de data 06/09/2019 , ambas inclusive.

Polo Concelleiro do B.N.G. Sr. Rocha Pérez di que quere facer un inciso, neste punto, e que revisar case setecentas resolucións en dous días que teñen para ver a documentación do Pleno é unha locura e non da tempo a velas todas polo que solicitan, se é posible, que se manden a través da Xunta de Goberno Local ou outro medio para ao ser o número máis reducido poder botarlle un vistazo

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

RPLN-6 de 18/09/19. Rogo do BNG sobre visibilidade en estradas, potenciación do turismo, e contenedores.

No cruce das estradas entre a Cazolga e Oirn existe un poste para a colocacin dun espello que axuda a facer o desvo pero tal espello non existe, ou desapareceu.

- Na interseccin entre as estradas de Trabada e o Val, a altura do Hostal A Unin e na sada do aparcadoiro situado enfrente deste, non hai visibilidade para a incorporacin  estrada.
- Temos que potenciar que o turismo non se limite a vila dando informacin s visitantes da posibilidade de desprazarse cara o Val, a Cazolga e outros puntos de interese turstico e gastronmico.
- Contamos coa sorte de ter un par de rutas de sendeirismo xa elaboradas que deben ser recuperadas e amaadas para aproveitalas como reclamo para que a xente visite o noso concello. Tamn contamos cunha Aula da Natureza que con un pouco de agarimo e algo de restauracin proporcionaranos outro lugar a explotar co turismo ou para ns mesmos que tamn o merecemos.
- Un pobo que se prece debe ser agradbel na sa estancia nel e iso implica non sufrir de olores desagradbeis  hora de visitalo.

ROGA:

Que o grupo de goberno municipal, en atencin  anteriormente exposto:

→ Proceda  colocacin dun par de espellos que faciliten a visibilidade tanto na Cazolga como na sada do aparcadoiro sito enfrente do "Hostal A Unin"

→ Potencie un sistema de carteis indicadores dos distintos puntos de interese turstico fra do que  o centro da vila estimulando s visitantes a realizar rutas de sendeirismo polos arredores, rutas que hai amaar e arrombar para o seu goce. As como a recuperacin e conservacin da rea etnogrfica dos Muos da Valia, a Caleira e a Fonte da Espiard e Santo Adrao que forman parte da Ruta do Val. A conservacin da Ruta de San Rosendo e o mesmo sobre a Aula da Natureza que se merece unha utilidade e que se recupere aquel espazo.

→ Xestione os malos olores da Praza de Csar Chavarra cunha solucin que pasara por almacenaxe e xestin dos residuos nos distintos establecementos xeradores ata o momento da recollida, xa que o camin do lixo non pasa todos os das. Tamn se debera instaurar un sistema de limpeza dos contenedores.

A Sra. Vzquez comenta que unha solucin podera ser que os establecemento garden os contenedores nos establecementos ata a hora da recollida.

A Sra. Alcaldesa comentou que en canto os contenedores que si xa observaron iso, non so na praza Csar Chavarra senn tamn ao lado do eroski, como solucin estnse levando os mrcores unha vez se fai a recollida, pero seguramente se optara pola va que indica o BNG como fan noutros Concellos que os establecementos mantean os contenedores dentro e sacalos cando vaia a pasar o camin de recollida.

En canto aos espellos estn pedidos non so para a Cazolga senn para

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

outros sitios, xa pensaron que virían en agosto pero debido as vacacións o transporte paralizase que esperan que cheguen pronto. O de a Unión non tiña constancia pero se vai mirar. A Sra. Vázquez di que ao salir do aparcadoiro non se ve.

En canto a recuperación e conservación de áreas e sinalización de recursos turísticos e algo no que temos que seguir traballando e afondando, telo todo mañado e muy difícil e a ruta do Val e muy larga e si que hay que darlle unha volta.

Rogos do P.P. relativos a limpeza de maleza, contenedores de lixo e arranxo de sumidoiro.

1.- A ponte da Pedra é un símbolo deste pobo, ademáis de ser a entrada de peregrinos na vila, os cales ven como está, sacan fotos que comparten e ven coma tódolos nosos veciños o seu estado de abandono que é lamentable, este grupo rógalles que a limpen de maliza o antes posible antes de que as imaxes, dean a volta o mundo.

A Sra. Alcaldesa comenta que efectivamente se desbrozou e limpiou na marxe do río hacia a ruta do Colesterol e que lle fai falta.

2.- Rogamos vacíen os contenedores de papel para que a xente poda seguir reciclando, recordámoslles da importancia que teñen hoxe en día todas as prácticas de reciclaxe para o maltratado medio ambiente. O Concelleiro do P.P. Sr. Rego Rey comenta que unha solución sería que unha vez cheos os contenedores e ata que pasen a vacialos podería pasar un vehículo do Concello cun remolque e substituílos por uns limpios e os cheos deixalos no mercado gandeiro ata a súa recollida.

A Sra. Alcaldese di que iso sería unha posibilidade.

3.- Rogamos arranxen o sumidoiro que está situado no cruce da travesía de Mondoñedo coa avenida do Val, enfrente á casa do Manito.

A Sra. Alcaldesa di que se arranxará antes da Faba.

Preguntas do BNG-E-RPLN-5.

O pasado venres 23/08/2019 un todo terreo colisionou contra un poste do tendido eléctrico deixando sin alumeado público a área recreativa do lugar de "A Cazolga", as casas e as estradas da contorna dende ese día ata o día de hoxe, polo de agora.

1.-Ten constancia a corporación municipal de este accidente?

2.-Coñece a corporación municipal o problema co alumeado?

3.-Ten pensado a corporación municipal arranxalo e restablecer o servizo de alumeado?

A Sra. Alcaldesa contesta que sí que teñen constancia que se trata dun siniestro, deuse parte o seguro do vehículo e hai que esperar para arranxalo, o mesmo pasa coa farola de fronte o Banco Pastor.

2.- Trala modificación dos salarios dos órganos de goberno, e sin haber unha modificación dos presupostos, dende o grupo municipal do BNG non temos constancia de que partida saen ditos salarios.

1.- De que partida saen ditos salarios?

2.-Foi modificada algunha partida?

A Sra. Alcaldesa resposta que non se fixo ningunha modificación, que se

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

están abonando da partida 912.100 "retribucións a órganos de goberno" .

3.- Dendo o grupo municipal do BNG temos constancia, e recibimos queixas de veciños, que o tractor municipal non está a funcionar. E por outra banda estase a contratar os servizos de unha empresa para realizar as labores de desbroce, tendo este concello un tractor en propiedade que podería facer ese traballo, e outro en cooperativismo co concello de Trabada.

PREGUNTA:

1.-Porque o tractor en propiedade do concello de Lourenzá está parado?

2.-Pensan vostedes privatizar un novo servizo no concello de Lourenzá?

3.- Pensar continuar co cooperativismo entre este concello e o de Trabada no tractor?

A Sra Alcaldesa comenta que si que estivo parado 3 ou 4 días por avería e que se contratou unha empresa pero de maneira puntual por necesidades do servizo, e que estiveron os dous tractores rozando o mesmo tempo porque o vello o New Holand están tratando de liquidalo posto que da moitos gastos de reparación e o novo seguira estando en cooperativismo con Trabada posto que foi concedido mediante unha subvención e ten que estar así ata 2021.

4.- Unha vez rematada a tempada estival é momento de facer valances de número de turistas que pasaron polo noso Concello.

1.-Cantas persoas pasaron pola oficina de turismo durante os meses de Xuño-Xullo-Agosto? O Sr. Rocha Pérez di se pode ser por separado turistas e peregrinos.

A Sra. Alcaldesa resposta que non sabía que o querían diferenciado e que xa tiña pedido informe o Técnico de Turismo que pasaron polo punto de información turística 681 persoas e en canto as nacionalidades a maioría: españois, franceses, Alemáns e do Reino Unido .

5.- O grupo municipal do BNG no concello de Lourenzá recibimos queixas de veciños, de que se lle está a dar un uso privado do ximnasio municipal.

1.- Ten constancia o grupo de goberno de que haxa persoas usando o ximnasio municipal dun modo privado?.

A Sra. Alcaldesa contesta que unha vez que se estinguíu o Convenio coa empresa privada que xestionaba o ximnasio e baixo a petición das Escolas Deportivas e rapaces de fútbol que pedían para utilizar esas instalación para realizar de maneira puntual actividades de apoio ao entreno, que sí, se lles deixaron chaves e no momento que pasa de uns a outros vaíse expandindo pero que non teñen constancia de que vaia xente a título privado pero que si, lle chegaron comentarios. Procedeuse a cambiar a pechadura e a cerrar o ximnasio ata que pase a Festa da Faba e vaise facer traballos de adecentamento e a partir do 4 de novembro se procederá a abrir con xestión municipal.

Polo Sr. Rego Rey, Concelleiro do Grupo Popular procédese a formular a primeira pregunta sobre asfaltado e bacheado de pistas, a Sra. Alcaldesa pregúntalle se están rexistradas no Concello ao que lle contesta o Sr. Concelleiro que non.

A Sra. Alcaldesa explica que non tería ningún inconvinte en contestar

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

pero que a fórmula que teñen establecida para as preguntas xa dende a anterior legislatura é que contestará as que estean rexistradas no Concello e as que non serán contestadas na próxima sesión.

O Sr. Rego Rey di que non o sabía.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 669XW43SGN4S6HHZCHSNDZM82 | Corrección: <http://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15